



ALEXANDRE RODRÍGUEZ GUERRA
Universidade de Vigo
xandre@uvigo.gal

GALEGO E ITALIANO EN DIACRONÍA: NOVOS VERBOS NO SÉCULO XX¹

Resumo

Na presente investigación estúdase a aparición ó longo do s. XX de novos verbos (que comezan pola letra *B*) en galego e italiano. Aplicando a metodoloxía de traballo común nos observatorios de neoloxía das linguas romances e dende unha perspectiva contrastiva, revisáronse tanto dicionarios monolingües coma corpus de referencia para comprobar cales son os verbos que sitúan a súa primeira documentación no s. XX. Obtivéronse 41 verbos galegos e 55 italianos, que se estudaron polo miúdo e comparáronse cos verbos presentes en dicionarios específicos de neoloxismos. Finalmente, conclúese que o método é válido para o obxectivo buscado, pero coa necesidade de que, para que o resultado sexa fiable, dicionarios e corpus cumpran unhas características mínimas que, alcanzándose para o italiano, non se dan a día de hoxe en galego.

Palavras-chave: galego e italiano, diacronía, neoloxismos, verbos, lexicografía (histórica)

Abstract

The aim of this paper is to study of the appearance during the 20th century of new verbs (starting with the letter *B*) in Galician and Italian. Applying the common work methodology in the neology observatories of the Romance languages and from a contrastive perspective, both monolingual dictionaries and reference corpus were consulted, to verify which verbs place their first documentation in the 20th century. 41 Galician and 55 Italian verbs were obtained, which were studied in detail and compared with the verbs present in specific dictionaries of neologisms. Finally, it is concluded that the method is valid for the objective sought, but with the need that, for the result to be reliable, dictionaries and corpora need to meet some minimum requirements that, although achieved for Italian, is not the case for Galician.

Keywords: Galician and Italian, diachrony, neologisms, verbs, (historical) lexicography

¹ Como coordinador do grupo TALG (Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega) da Universidade de Vigo, desenvolvín esta investigación ó abeiro do proxecto de investigación PID2019-105411GB-I00, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación. Agradézolle a X. M.^a Gómez Clemente, un dos grandes expertos do noso léxico, a súa axuda e colaboración ininterrompida dende hai xa 25 anos.

1. Introducción

Movéndonos no terreo dunha linguaxe non especializada e ó abeiro da metodoloxía habitualmente empregada nos observatorios de neoloxía para linguas coma a galega ou a italiana, queremos avaliar a potencialidade da lexicografía de lingua xeral e dun corpus de referencia para identificar nestas linguas as novas incorporacións léxicas ó longo do s. XX. Certamente, esta pescuda neolóxica dende a perspectiva diacrónica non a podemos abranguer na súa totalidade pois estamos a falar de 100.000 lemas en galego para o *GDXL*² e de 183.594 para o *GDLI*³ en italiano. Por este motivo, cinguimos a nosa investigación ó ámbito verbal e, dentro del, ás unidades léxicas que comezan pola letra *B*. Estes dous dicionarios monolingües, que tomamos como referencia, incorporan información similar de base, incluída a etimolóxica (no *GDXL* non é sistemática xa que todas as formas galegas non estándares carecen de proposta etimolóxica). É no nivel da exemplificación onde máis diferenzas existen entre eles, xa que o *GDLI* proporciona en cada lema exemplos varios, con identificación das fontes textuais e cunha ordenación cronolóxica, mentres que os non tan abundantes exemplos no *GDXL* non ofrecen ningún tipo de información sobre a fonte ou a datación. Non esquezamos que un dos obxectivos secundarios deste traballo é a interrelación que se establece entre os neoloxismos e un imprescindible dicionario histórico que, a día de hoxe, a lingua galega aínda non posúe (cfr. §3.).

Polo que se refire ós corpóra empregados, para o galego manexamos o *TILG*⁴, con trinta millóns de formas gráficas e, para o italiano, o *LIS*⁵, con vinte e cinco millóns de ocorrencias. O *TILG* inclúe textos de diferente tipoloxía producidos entre 1612 e 2013, está lematizado e permite buscas complexas. Pola súa banda o *LIS* abrangue textos escritos

² X. M.^a Carballeira Anllo (coord.) et al., *Gran dicionario Xerais da lingua*, 2 vols., Vigo, Xerais, 2009 (Vigo, 2000). Empregamos tamén a edición do 2009 porque a do ano 2000 non ofrece etimoloxías.

³ S. Battaglia, *Grande dizionario della lingua italiana*, 21 vols., Torino, Unione Tipografico-Editrice Torinese, 1966-2002, <https://www.gdli.it/> [29/06/2023].

⁴ A. Santamarina (dir.), E. González Seoane, M.^a Álvarez de la Granja, *Tesouro informatizado da lingua galega*, versión 4.1, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, <http://ilg.usc.gal/TILG/> [29/06/2023].

⁵ Accademia della Crusca, *Lessico dell'Italiano Scritto*, <http://193.205.158.204:8983/solr/collection1/browse> [29/06/2023].

entre 1861 e 2001, non está lematizado pero admite buscas filtradas por tipo de texto, autoría ou anos (tamén permite o uso dalgúns caracteres comodín).

O período analizado abrangue un intervalo de cen anos, do 1900 ó 1999, ambos incluídos. Nos dous dicionarios de referencia, *GDXL* e mais *GDLI*, revisamos todas as formas verbais da letra *B* e verificamos, ben a través do *TILG* para o galego, ben do *LIS* e do propio *GDLI* para o italiano, a data do exemplo máis antigo rexistrado. Para avanzarmos coa nosa análise, excluimos todas as datadas nos ss. XIX ou anteriores e centrámonos naquelas que sitúan o primeiro exemplo no s. XX.

Cos exemplos documentados e algún máis procedente directamente do corpus⁶, realizamos unha peneira posterior noutras fontes lexicográficas ou documentais co fin de reducir a marxe de erro e aumentar a precisión na primeira datación. Así, para o galego antigo utilizamos o *DDGM*⁷ (dispoñible no portal *RILG*⁸), o glosario do *UC*⁹ e o *CiGPA*¹⁰, e, para o galego moderno e contemporáneo, o corpus *Gondomar*¹¹, o *TL-PGP*¹², o *CORGA*¹³ e o *DdD*¹⁴; para o italiano revisamos o *Tommaseo-*

⁶ Para equilibrar a menor macroestrutura do *GDXL* en comparación co *GDLI*, e dado que o *TILG* está lematizado, aproveitamos para obter deste último verbos ausentes naquel.

⁷ E. González Seoane (coord.), M.ª Álvarez de la Granja, A. I. Boullón Agrelo, *Dicionario de dicionarios do galego medieval*, SLI-TALG / ILG, versión web de X. Gómez Guinovart, <https://ilg.usc.gal/ddgm/> [29/06/2023].

⁸ X. Gómez Guinovart (deseño), *Portal RILG (Recursos Integrados da Lingua Galega)*, SLI-TALG / ILG, 2006, <https://ilg.usc.gal/rilg/index.php> [29/06/2023].

⁹ M. Ferreiro (dir.), *Universo Cantigas. Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesa*, Universidade da Coruña, 2018, <http://universocantigas.gal> [29/06/2023].

¹⁰ X. Varela Barreiro (dir.), *Corpus informatizado Galego-Portugués Antigo*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, versión 2.1, 2007, <https://ilg.usc.gal/cgpa/> [28/06/2023].

¹¹ R. Álvarez, E. González Seoane (eds.), *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, 2017, <http://ilg.usc.gal/gondomar/> [29/06/2023].

¹² R. Álvarez (coord.), *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, 2014, <https://ilg.usc.gal/tesouro/gl/> [29/06/2023].

¹³ Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, *Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA)*, [4.0], <https://corpus.cirp.gal/corga> [29/06/2023]. O *TLPGP* e mais o *CORGA* empregámoslos para fixar mellor a primeira datación.

¹⁴ A. Santamarina (coord.), *Dicionario de dicionarios*, SLI-TALG / ILG, versión web de X. Gómez Guinovart, 2006, <https://ilg.usc.gal/ddd/> [29/06/2023].

-Bellini¹⁵, o *TLIO*¹⁶ e, como tamén ofrece datación, o *VLI*¹⁷. A partir de aquí, estudamos as formas obtidas, na busca de comportamentos, regularidades e especificidades que permitan caracterizar estes vocábulos e interpretar adecuadamente esta información.

Aínda que a situación dos estudos nas dúas linguas non é a mesma, empregamos unha metodoloxía contrastiva, non só para comprobar as similitudes/diferenzas que poidan existir entre galego e italiano (con xustificacións históricas peculiares), senón para avaliar mellor, por unha banda, os límites, (in)adecuacións e feblezas dos materiais utilizados e, por outra, a propia validez, ou non, do método empregado.

2. Resultados

Entre as dúas linguas, os verbos que revisamos da letra *B* foron 831 en total, 381 en galego e 450 en italiano:

- A meirande parte dos verbos galegos estudados, concretamente o 93,4%, proceden do *GDXL* (nel supoñen un 8,5% de todas as entradas da letra *B*) e o 6,8% restante do corpus *TILG*. Os verbos recompilados no *GDXL* distribúense, segundo o formato empregado neste dicionario, do seguinte xeito: 175 (en maiúsculas) son formas estándares, 146 (en minúsculas) son formas galegas non estándares e 35 son formas verbais incorrectas en galego (isto é, unha de cada dez). Na gráfica 1 ofrécese, por unha banda, as proporcións respectando a totalidade de formas sen ningún tipo de corrección, mais, por outro lado, proporciónanse os datos sometidos a unha primeira revisión (eliminando as voces incorrectas e aquelas non estándares –que resultan especialmente problemáticas por seren na súa meirande parte variantes fonéticas e/ou dialectais, exiguamente documentadas–), o que permite obter unha perspectiva metodoloxicamente

¹⁵N. Tommaseo, B. Bellini, *Dizionario della lingua italiana*, 8 vols., Roma / Torino / Napoli, Unione Tipografico-Editrice, 1861-1879, <https://www.dizionario.org/index.php?dizionario-italiano> [29/06/2023].


¹⁶P. Squillacioti (dir.) et al., *TLIO – Tesoro della lingua italiana delle Origini*, Firenze, Opera del Vocabolario Italiano, <http://tlio.oiv.cnr.it/TLIO/> [29/06/2023].

¹⁷N. Zingarelli, *lo Zingarelli 2000. Vocabolario della lingua italiana*, Bologna, Zanichelli, 2000. A redacción da obra pechouse en abril de 1999, conta con 134.000 entradas. Traballamos intencionadamente con esta edición para evitar calquera tipo de interferencia con información que se date no s. XXI.

máis adecuada do léxico estudado. Como exemplo prototípico de variación dispoñemos do verbo *babuxar* ‘chover suavemente e con pouca intensidade’ (documentada xa a mediados do s. XIX), con variantes como *babuñar*, *barbuñar*, *barbuzar*, *barbañar*, *barrallar*, *barrazar*, *barrufar*, *barruñar*, *barruzar* etc. (cfr. *GDXL*, s.v. *babuxar*), bastantes delas con moi poucas ocorrencias –mesmo con carácter local–, que se poden localizar só no s. XX pero que, como xa se explicou, non incluíremos como novas formacións léxicas xurdidas no s. XX.

- Dos 450 verbos italianos atopados na letra *B* o 5,3% proceden do *VLI* e o 94,7% do *GDLI*; neste segundo cómpre distinguir entre aquelas entradas con verbos que incorporan na súa microestrutura información con exemplos reais (88,5%)¹⁸ daqueles outros en que esta non se recolle (11,5%).

Desenvolvemos, primeiramente, unha aproximación á cronoloxía das primeiras datacións. Nos casos en que localizamos discrepancias, optamos sempre pola datación máis antiga (por exemplo, *banalizzare* situámolo no s. XIX porque aínda que no *VLI*, *DELI*¹⁹ e *LIS* se data no s. XX, no *GDLI* indícase «docum. nel 1874» s.v.).



Gráfica 1. Primeiras datacións dos verbos da letra *B*.

¹⁸ Os exemplos en que se fornece unha datación que abrangue dous séculos ou máis, para o tratamento dos datos estatísticos, asignámoslos ó máis antigo deles.

¹⁹ O seu centro de interese sitúase esencialmente en ámbitos coma o fonético ou o diatópico.

En primeiro termo, na gráfica 1 compróbase que o léxico italiano documentado cunha orixe medieval multiplica por case seis o galego –revisado– (neste sentido destaca, moi en positivo, a potencialidade do *TLIO* e doutros corpóra medievais existentes para o italiano, mentres que a meirande parte dos corpus medievais dispoñibles para o galego –aínda incompletos–, ó non estaren lematizados, complexizan moito a obtención da información); en segundo lugar, polo que se refire ós séculos XVI-XVIII son «escuros» para as letras galegas, só así se xustifica que en galego as voces documentadas por primeira vez nestes tres séculos superan por pouco o 13% mentres que en italiano exceden en 10 puntos porcentuais esa cifra; finalmente, no s. XIX (rexurdimento das letras galegas) mudan as proporcións e en galego detectamos dúas veces e media máis formas verbais ca en italiano. Concentrándonos no s. XX, que é o obxectivo da nosa investigación, observamos que o peso del no galego é o segundo en importancia (a moita distancia, iso si, do s. XIX), mentres que en italiano este século é o menos rendible dos conxuntos considerados e supón practicamente a metade do rexistrado en galego.

As formas sen datación son máis numerosas en galego ca en italiano (que queda a cinco puntos porcentuais de distancia): explícase fundamentalmente pola tipoloxía dos dicionarios coa ausencia sistemática de datación no *GDXL* (o que nos obrigou a utilizar máis fontes secundarias) e coa inclusión na macroestrutura de tres grandes tipoloxías, fronte ó *GDLI*.

2.1. *Novos verbos no s. XX*

Grazas á información lexicográfica e de corpus, os verbos incluídos nesta investigación cunha primeira datación situada entre 1900 e 1999 son os seguintes (en galego e italiano, respectivamente):

- *Balastrar, balbordar, balcanizar, baldoar, balear₂* ‘varrer coa balea, unha vasoira rústica’, *balizar, banalizar, baquetear, bardar, barloventar, bascular, basear, basificar, batear₂* ‘golpear a bóla co bate’, *batexar* ‘mover as ás unha ave para voar’, *beirear, besbellar, bifurcarse, bimbar, binocular, biodegradar, bipolarizar, bisbar₁* ‘falar entre dentes’, *bisecar, bobinar, boicotear, bombear₁* ‘extraer un líquido dun lugar e transportalo a outro por medio dunha bomba’, *bonificar, bortelar, bosquexar, boular, bouzar, boxear, bracuñar, brochea, broncear, broquear, brosear, burdear, burilar e burocratizar*.

- *Baccagliare, balcanizzare, bambineggiare, baraccare, baritoneggiare, barlumeaggiare, baruffare, basculare, battibeccare, baulare, bavare, beccottare, begare, bentrattare, bicoccare, bidonare, biffare*₂ ‘segnare, cancellare uno scritto con un segno a forma di X’, *bighellare, bigiare, bigotteggiare, bindellare, biodegradare, biografare, bisecare, bisellare, bistrare, bittare, bizantineggiare, blobbare, bluffare, bobinare, bocciardare, bolscevizzare, bombare*₃ ‘[in varie tecnologie] rendere convesse superfici metalliche battendole dal rovescio’, *bombeggiare, bottegar, bottinare*₁ ‘concimare con bottino’, *bozzigliare, braconare, brattare, bravacciare, brecciare, brilluccicare, brivire, brodetare, bronzire, bruschinare, bruscinare, brutalizzare, bufferizzare, bugnare*₂ ‘mugghiare, rombare’, *bullonare, burrificare, butterare e bypassare*.


En total suman 41 verbos en galego e 55 en italiano. Hai seis coincidencias léxicas en ambas as linguas: nun caso, (1), con certa especificidade no significado e, nos outros, (2) a (6), cun mesmo significado base:

- (1) *balcanizar* ‘fragmentar ou dividir un territorio que estaba unido política e administrativamente en varios pequenos estados independentes’ / *balcanizzare* ‘ridurre un paese, uno stato, un popolo al perpetuo disordine politico’
- (2) *bascular* ‘facer un movemento de oscilación en sentido vertical [respecto dun punto de apoio]’ / *bascullare* ‘altalenare, battere a terra a bilancia (secondo il movimento della basculia)’
- (3) *biodegradar* ‘descompoñer unha substancia os seres vivos’ / *biodegradare* ‘sottoporre a biodegradazione’
- (4) *bisecar* ‘dividir unha figura xeométrica en dúas partes iguais’ / *bisecare* ‘dividere un angolo in due parti uguali’
- (5) *bobinar* ‘formar unha bobina enrolando sobre un eixe o fío ou outro material’ / *bobinare* ‘[in varie tecnologie,] avvolgere in bobine’
- (6) *broncear* ‘dar a cor do bronce [a unha cousa]; poñerse moreno pola acción do sol’ / *bronzire* ‘abbronzare, scurire al sole’.

Das parellas precedentes dúas, (3) e (4), presentan formantes cultos, e outras dúas están relacionadas co francés, ben directamente, (2), ben indirectamente a través de *bobine* > *bobina* gal. e it., (5). Ademais, está o par *bombear*₁, co significado xa visto antes de ‘extraer un líquido...’ e *bombeggiare* ‘gonfiarsi’, que remiten a étimos diferentes: *bomba*₂ (do francés *pompe*) aquel, e o francés *bomber* (de *bombe*) este.

2.1.1. Tipoloxías verbais

Na gráfica 2 obsérvase a distribución da información sintáctica incluída nos dicionarios, tanto dos verbos datados por primeira vez no s. XX, coma do conxunto dos verbos en xeral da letra B.



[VT: Verbo transitivo; VI: Verbo intransitivo; VP: Verbo pronominal].

Gráfica 2. Información sintáctica dos verbos da letra B
(coa 1ª datación no s. XX e en xeral).

Como se aprecia na gráfica 2, son maioría os novos verbos do s. XX que adoitan construírse sintacticamente ou só como transitivos (esta é a opción maioritaria nas dúas linguas, aínda que no italiano é bastante máis rendible, con 10 puntos máis; *bisecar* gal.; *burrificare* it.), ou só como intransitivos (en ambas as linguas é a segunda opción máis empregada aínda que, de novo, é máis produtiva en italiano –10 puntos máis ca en galego–; *boxear* gal.; *bascullare* it.). Mais galego e italiano diverxen nun punto: mentres naquel a suma de identificacións construtivas só transitivas ou só intransitivas é do 70,8%, neste sobe case ata o 91% (20 puntos porcentuais máis). Este dato contrasta co amosado polos verbos da letra B en xeral, pois en ambas as linguas o peso da suma dos verbos só transitivos e só intransitivos é similar e sitúase ó redor das tres cuartas partes dos exemplos, favorecendo lixeiramente os usos só intransitivos en galego e só transitivos en italiano.

Polo que se refire ós verbos só pronominais, son exclusivos do galego mais nunhas proporcións moi escasas. O único exemplo cunha primeira documentación no s. XX é *bifurcarse* ‘dividirse en dúas ramas, brazos ou puntas’.

Entre os verbos documentados por primeira vez no s. XX non se detecta ningún coas tres opcións. Combínanse dúas delas sobre todo en galego (máis do 28%) e tamén en italiano aínda que nunha porcentaxe menor (menos dun terzo do documentado en galego). En galego as dúas combinacións rexistradas son verbo transitivo e intransitivo (*balizar*) e, só lixeiramente por riba, verbo transitivo e pronominal; en italiano só se detectan outras dúas: a máis rendible é a que conxuga transitivo con intransitivo, *bluffare*, por ex. (que posúe a meirande parte dos exemplos), mentres que a combinación intransitivo e pronominal é moi escasa.

Para unha valoración adecuada dos datos anteriores, cómpre lembrar que no dicionario de neoloxismos galegos *NPG*²⁰ as proporcións obtidas son: 87,1% VT, 3,2% VI, 3,2% VI/VP e 6,5% VP; para o italiano, no dicionario de neoloxismos *PN*²¹, a distribución é: 52,6% VT, 31,6% VI, 10,5% VT/VI e 5,3% VP. Xa que logo, mentres os verbos neolóxicos en galego semellan amosar unha acusada preferencia pola transitividade, afastándose así do visto para os verbos da letra *B* incorporados á lexicografía no s. XX, os resultados do italiano son practicamente idénticos en ambos os casos estudados.

A media de acepcións²² por cada verbo é relativamente baixa para o galego con 1,7 e moi baixa para italiano con só 1,16. A proporción de acepcións figuradas é similar en ambas as linguas, co 7% en galego e o 7,8% en italiano. O peso porcentual entre os 42 verbos galegos analizados dos que só posúen unha acepción é do 69%, porcentaxe que ascende ata o 87,3% no italiano. Este dato acaroa estes verbos ó comportamento dos incluídos entre os neoloxismos de dicionarios coma *NPG* ou *PN*, sobre todo para o italiano, que teñen unha media de acepcións por verbo (analizamos novamente as letras do *A* ó *D*) de 1,03 para o galego (*NPG*) e de 1,00 para o italiano (*PN*).


²⁰ X. M.^a Gómez Clemente *et al.*, *Novas palabras galegas. Repertorio de creacións léxicas rexistradas na prensa e Internet*, Vigo, Universidade de Vigo, 2005. Neste dicionario e no seguinte (*PN*) analizamos as letras *A* a *D*, incluídas: son 31 verbos en *NPG* e 19 en *PN* (os verbos só da letra *B* son 4 en galego e 6 en italiano).

²¹ G. Adamo, V. Della Valle, 2006 *Parole nuove. Un dizionario di neologismi dai giornali*, Milano, Sperling / Kupfer Editori, 2005.

²² Unificamos o criterio e tanto en galego coma en italiano contabilizamos os significados «por extensión / per estensione» como acepcións diferentes.

2.1.2. Procedementos de formación

A tendencia amosada por estes verbos da letra *B* documentados por primeira vez no s. XX no referido ás súas orixes, deixa clara a preferencia polos procedementos de formación internos e formais. Como reflicte a gráfica 3, son igual de escasos os empréstitos²³ en ambas as linguas (un pouco por riba da décima parte²⁴) e proveñen maioritariamente do francés (*banalizar* gal.; *brutalizzare* it.), con algún do inglés (*bypassare* it.) ou do catalán (*bosquexar* gal.). Esta preferencia pola lingua francesa como xeradora de novas voces deixará de ser efectiva, cando menos, nos inicios do s. XXI²⁵.



[Sufix.: Sufixación; Empr.: Empréstitos; Comp.: Composición;
Onom./Cr. expr.: Onomatopeas/Creacións expresivas].

Gráfica 3. Procedementos de formación dos verbos da letra *B* coa 1ª datación no s. XX.

Entre os diferentes procedementos de formación considerados (cfr. gráfica 3) son as formas denominais en *ar(e)* as maioritarias tanto en gale-

²³ Non contabilizamos *bascular* gal. aínda que no *GDXL* se indique que procede do francés *basculer* (para *bascullare* o *GDLI* propón como étimo *basculla*), porque coidamos que é máis probable que proveña de *báscula* (detectada no *TILG* dende 1887, mentres que *bascular* como verbo non se documenta ata o ano 1963), de xeito similar ó que acontece con *bobinar*. Esta é tamén a proposta do *GDS21* (X. A. Pena (dir.) et al., *Gran diccionario Século21 da lingua galega*, [Vigo,] Edicións do Cumio / Galaxia, 2006) e mais do *Digalego* (*Digalego. Dicionario de galego*, Xunta de Galicia, 2013, <https://digalego.xunta.gal/gl/> [29/06/2023]).

²⁴ Os empréstitos neolóxicos en *NPG* e *PN* son o 15,9% e o 14,2%, respectivamente (A. Rodríguez Guerra, *Los neologismos de la prensa en gallego e italiano*, en M. J. Domínguez et al. (eds.), *Lexicografía de las lenguas románicas*, Berlin, De Gruyter, 2015, p. 388).

²⁵ Cfr. para galego, castelán e catalán A. Rodríguez Guerra, *Les nouveaux « terroirs » des gallicismes néologiques dans la presse galicienne, espagnole et catalane*, en V. Renner (dir.) et al. (eds.), *La néologie des langues romanes : Nouvelles approches, dynamiques et enjeux*, Berlin, Peter Lang, 2021, pp. 262-263.


go (43,9%, todas en *ar*, *barloventar*) coma, sobre todo, en italiano (63,6% *are*, *bindellare*; nesta lingua os verbos en *ire* como *bronzire* só supoñen un 3,7%).

O seguinte procedemento máis rendible é a sufixación, desta volta con algo máis de peso en galego ca en italiano (a máis de 8 puntos porcentuais de diferenza). En galego documéntanse tres sufixos, pero só dous deles son realmente produtivos, e constrúense sempre sobre substantivos, *ear* (*boicotear*) e *izar* (*balcanizar*) –nesta orde–, do terceiro, *exar*, só se rexistra un exemplo, *batexar* (deverbal de *bater*). En italiano tamén son tres sufixos distintos: *eggiare* (*baritoneggiare*), denominal, é o máis recorrente, seguido de *izzare* (*bolscevizzare*), tamén denominal, e, por último, *ificare* cun único exemplo (*burrificare* sobre o substantivo *burro*).

Os verbos compostos en galego e italiano son moi escasos e non é nada sorprendente que se trate practicamente sempre de formas paralelas en ambas as linguas. A metade deles son casos de composición culta coma *bisecar* gal. / *bisecare* it.; hai un exemplo de composición híbrida (*biodegradar* gal. / *biodegradare* it.) e só hai unha ocorrencia, en italiano, de composición patrimonial (*bentrattare*). As onomatopeas (*bracuñar* ‘tremer por efecto do frío’) ou a creación expresiva (*bimbar* ‘baleirar por completo; mover moito o corpo ó andar’) só se rexistran en galego.

2.1.3. Parámetros varios

Se proxectamos visualmente as décadas en que se foron documentando as primeiras datacións destes verbos, cfr. gráfica 4, comprobamos que o comportamento representado por galego e italiano é, neste sentido, ben diferente.



Gráfica 4. Décadas do s. XX coa 1ª datación (verbos da letra B).

Certamente, as propias peculiaridades históricas, sobre todo da lingua galega no s. XX, xustifican a meirande parte destas diverxencias. O italiano amosa un comportamento cun patrón lóxico, o esperable nunha lingua de cultura normalizada, isto é, unha distribución relativamente homoxénea nas diferentes décadas, que diminúe nas dúas últimas porque para a dicionarización dos neoloxismos, entre outros criterios (cfr. §3.), adoita transcorrer certo tempo²⁶. De feito, mentres que en italiano as sete primeiras décadas do s. XX concentran o 86% (cunha media por década do 12,3%) fronte ó 14% das tres últimas (cunha media do 4,7% por década, moi inferior a aquela), en galego nas primeiras sete décadas sitúanse o 55,3% dos verbos (cunha media do 7,9%) e nas tres últimas acumúlase o 44,7% (cunha media do 14,9%, practicamente o dobre das anteriores). Como xa se adiantou, é o particular devir histórico da lingua galega (co labor do grupo Nós, Seminario de Estudos Galegos e Real Academia Galega nas primeiras décadas do s. XX, o devalo provocado pola guerra civil e posterior ditadura, pasando polo agromar na década dos 50 acaroadado á creación da editorial Galaxia e o pulo definitivo para a lingua galega nas dúas últimas décadas do s. XX) o que posibilita comprender unha evolución tan irregular, con décadas que concentran abundantes ocorrencias e décadas practicamente sen exemplos.

A frecuencia e o rango da dispersión (estabilidade no uso), entre outros, son parámetros relevantes á hora de tentar deseñar o percorrido histórico do léxico dunha lingua. Para obtermos uns resultados de calidade é necesario que (i) os corpus faciliten unha busca precisa e (ii) que sexan o suficientemente grandes e representativos. Neste sentido, na presente investigación obtivemos un resultado ben diferente no manexo dos dous corpus centrais, *TILG* e *LIS*. No primeiro, para o galego, rexistramos o 82,9% dos verbos da letra *B* sinalados en §2.1.,

²⁶ Verbo da dicionarización neolóxica dende unha perspectiva xeral pódese consultar E. Bernal, J. Freixa, S. Torner, *Criterios para la dicionarización de neologismos: De la teoría a la práctica*, en «Revista Signos. Estudios de Lingüística», 53, (104), 2020, pp. 592-618. Entre os criterios de dicionarización de neoloxismos que se avalían nese artigo atópanse a frecuencia e estabilidade no uso, criterios formais, semánticos e documentais. Un exemplo concreto da aplicación deses criterios áchase no traballo de J. Freixa, J. M. Monterrubio, *Neologicidad y dicionariableidad: análisis de los neologismos con ciber-*, en E. Bernal, J. Freixa, S. Torner (eds.), *La neología del español. Del uso al diccionario*, Madrid, Iberoamericana, 2022, pp. 361-371.

no segundo, para o italiano, só atopamos pouco máis de unha de cada catro formas. Xa que logo, para a análise destes datos cinguirémonos ó comportamento no corpus dos verbos galegos.

No tocante á frecuencia, o número de repeticións é realmente baixo: case tres de cada dez verbos só se rexistran unha única vez, e unha proporción similar é a que presentan as formas que posúen entre 2 e 5 ocorrencias; unha décima parte dos exemplos presentan entre 6 e 8 casos; o resto teñen 10 ou máis repeticións, aínda que a maioría oscilan entre 10 e 17 (17%) ou entre 28 e 37 (6%), e só hai un exemplo con máis de 50 documentacións e outro con máis de 870 (*basear*). A media de exemplos por cada verbo é de 7,3 (excluíndo *basear*, que ascende a 28,4 se tamén temos en conta este verbo). Adoptando a perspectiva da autoría, a media aproximada de exemplos por cada autor/a (exclúese *basear*) é de 1,7.

Se observamos o número de anos distintos en que se documentan estes exemplos (suprímense do cálculo os verbos rexistrados só unha vez e o caso excepcional de *basear*), apréciase que a media é de case 6 anos por cada verbo, pero existen diferenzas bastante acusadas pois hai 2 anos distintos en case tres de cada dez verbos, e entre 3 e 5 anos nunha cuarta parte deles. Entre 6 e 8 anos distintos atópanse dous de cada dez verbos e, con idéntica proporción, están os que presentan entre 10 e 17 anos.

Certamente, eses anos poden ser consecutivos ou poden estar (moi) afastados no tempo. Se contamos os anos de diferenza entre a primeira e a última documentación (no s. XX), a media que se obtén do rango de dispersión é de case 40 anos de distancia. Realmente hai unha repartición equitativa entre a distancia dos anos se a distribuímos de dez en dez: con cada dízito das decenas documéntanse o 12,5% dos exemplos (así dos que oscilan entre 11 e 15 anos ata os que flutúan entre 71 e 73), hai un 8% con entre 80 e 83 anos e atópase un 17% con entre 3 e 9 anos.

Por veces é posible adscribir a algúns campos semánticos os verbos analizados. En galego o máis rendible é o asociado á carpenta (*brocheare*, *broquear*, *brosear*, *burilar*) e en italiano á alimentación (*bindellare*, *brodettare*, *burrificare*). Outros campos son o dos deportes (*batear*₂, *boxear* gal.; *bidonare* it.), o mariñeiro (*barloventar* gal.; *brattare* it.), as matemáticas (*biscar* gal.; *bisecare* it.), a química (*basificar* gal.), a saúde (*butterare*, *bypassare* it.), a mecánica (*bisellare*, *bobinare* it.) ou a informática (*bufferizzare* it.).

Finalmente, tanto en galego (*bracuñar*, *bimbar*, *brocheare*, *brosear*) coma en italiano (*baccagliare*, *begare*, *bicoccare*, *bigiare*, *bozzigliare*, *brattare*) hai

verbos de procedencia dialectal. En italiano tamén se rexistran exemplos identificados como raros (*bravacciare, biografare, brutalizzare, ben-trattare, bighellare*), desusados (*baraccare, bittare*), literarios (*bruscinare, bronzire, barlumeaggiare*) ou desusados e literarios (*brividire*).

2.2. Comparación cos dicionarios de neoloxismos

Alén de NPG e de PN, a existencia para o italiano dun dicionario coma o de Panzini²⁷, na súa edición de 1963 permítenos acceder a posibles neoloxismos rexistrados ata mediados do s. XX. Partimos inicialmente de 48 verbos incluídos na letra B, pero, deles, 31 xa os podemos documentar antes do s. XX. Dos 17 restantes, coinciden con algún dos identificados na presente investigación 8 (*baccagliare, balcanizzare, battibeccare, biffare, bisecare, bolscevizzare, bottegare, brutalizzare*) e discordan 9 (*bacchelleggiare* ‘imitare lo stile di R. Bacchelli’, *baffare* ‘mangiare, inghiottire’, *bagarinare, bagattellizzare, bestiare, blanchir, bloccare*, ‘[nel linguaggio sportivo] ostacolare un avversario’, *borelleggiare* ‘imitare le pose estetiche dell’attrice L. Borelli’, *brividare*). Deste último bloque, *bestiare* está marcada como xerga e *baffare* como creación expresiva popular.

Estas 17 voces caracterízanse por acudiren para a súa creación a recursos internos da lingua: como xa aconteceu antes (cfr. §2.1.2.), son as formas denominais en *ar(e)* as maioritarias e van seguidas polas sufixacións (en *-izzare* e *-eggiare*). Os empréstitos, todos do francés, suman o 17,6% destes casos. O exemplo *bloccare*, é un neoloxismo semántico xurdido nun eido, o dos deportes, especialmente rendible neste ámbito neolóxico (cfr. co peso da área temática dos deportes entre os neoloxismos semánticos de galego, castelán e catalán, que se situou no 21%)²⁸.

É relevante salientar que destes 17 verbos, 4 (isto é, preto dunha cuarta parte do total) están relacionados con algún nome propio. Ademais dos casos de *balcanizzare* e *bolscevizzare*, localízanse outros dous baseados nos apelidos de personaxes famosas a mediados do s. XX (*bacchelleggiare* e *borelleggiare*). Este é, probablemente, un dos aspectos que máis

²⁷ A. Panzini, *Dizionario moderno delle parole che non si trovano nei dizionari comuni*, Milano, Ulrico Hoepli, 1969 (1963).

²⁸ A. Rodríguez Guerra et al., *Os neoloxismos semánticos da prensa en galego, castelán e catalán*, en M. Sánchez Ibáñez (eds.), *La renovación léxica en las lenguas románicas: proyectos y perspectivas*, Murcia, Editum, 2017, pp. 239-241.

afasta a macroestrutura dun dicionario de neoloxismos dun de lingua xeral: a relativa abundancia de formas relacionadas con nomes propios naqueles, fronte á marcada escaseza nestes. Ós exemplos que xa foron saíndo habería que engadir o caso de *blobbare* it. (do nome dun filme e, despois, serie televisiva italiana). No dicionario de neoloxismos italianos *PN*, catro dos seis verbos da letra *B* remiten a un antropónimo: *bar-dotizzarsi*, *baudeggiare*, *berlusconizzare* e *berlusconizzarsi* (de B. Bardot, P. Baudo e S. Berlusconi); no galego *NPG*, na letra *B* só se atopa *balcanizar*.

Conclusións

O corpus verbal estudado nesta investigación reflicte a situación dunha parte moi pequena do noso léxico e, en consecuencia, a súa validez non se pode extrapolar automaticamente a todo el. Agora ben, un dos principais obxectivos desta pescuda é avaliar a potencialidade da metodoloxía para calibrar ata que punto é posible desenvolver unha neoloxía histórica cos recursos léxicos actuais: o método en si mesmo coidamos que si permitiría realizar unha aproximación cabal e bastante completa dos procesos anovadores do léxico dunha lingua ó longo dos séculos. Agora ben, para que o método resulte adecuado é necesario dispoñer dunhas ferramentas lexicográficas e textuais o suficientemente ricas e desenvolvidas para cada unha das etapas que se consideren.

- Dicionarios de lingua xeral: cinguíndonos ós recursos empregados, é indiscutible que o italiano dispón dunhas magníficas obras lexicográficas, non só polo elevado número de entradas, a calidade das definicións e outra información (fonética, gramatical, de uso...), senón por ofrecer etimoloxías, primeiras datacións explícitas (*VLI*), ou con abundantes exemplos reais ordenados cronoloxicamente e, sobre todo, organizados por acepcións (coma no *GDLI*). A situación lexicográfica do galego (*GDXL*; *DdD*...) é ben distinta pois, a pesar da calidade do material recollido nas súas entradas, a ausencia de primeiras datacións e de exemplos reais sistemáticos con indicación de fontes, unha macroestrutura aínda deficitaria e información etimolóxica incompleta, dificultan o seu uso como fontes auxiliares para o estudo histórico do léxico (obviamente, todos eles naceron como dicionarios monolingües de lingua xeral, que en ningún caso pretenden substituír o –aínda non existente– dicionario histórico).

- **Córpora:** para o italiano o corpus elixido (*LIS*) non resultou de moita axuda, pola falta de lematización e mais polas limitacións nas buscas (pénsese que para o *VLI* se parte do corpus italiano Zanichelli con varios centos de millóns de palabras). Certamente, para o futuro o desexable será que o excelente *TLIO*, unha vez concluído, teña continuidade no resto da periodización da lingua italiana. Para o galego (cfr. §1.) o *TILG* converteuse nunha ferramenta moi útil, aínda que limitada por mor do número de palabras que o conforman. Debería ser prioritario o aumento exponencial da base textual lematizada, aínda que as peculiaridades históricas da lingua galega presenten momentos cunha marcada escaseza de textos dispoñibles, que non nos deixará moita marxe para afondar no seu estudo, pero en todo caso o importante será poder contemplar a cadea na súa totalidade para que o conxunto final brille con luz propia. É fundamental, tamén, que os corpus ofrezan un lemario, para poder coñecer todas as voces, incluídas as non dicionarizadas, e calibrar o seu interese para a investigación lingüística.

A situación descrita nos dous puntos precedentes provocou que, mentres en italiano a información obtida foi bastante satisfactoria e só obrigou a realizar pequenas comprobacións e (re)axustes, en galego houbo que acometer múltiples buscas e (re)verificacións para diminuír a marxe de erro orixinal. Cando menos, os corpus (nomeadamente o *TILG*) paliaron, en parte, os problemas iniciais, mais explicitouse tamén a necesidade de dispoñer de corpus lematizados galegos moito máis amplos, de varios centos de millóns de palabras (máxime cando en motores específicos coma *Sketch Engine* ou en recursos indirectos coma *Factiva* o galego aínda está ausente). A complementariedade entre recursos lexicográficos de lingua xeral e corpus é fundamental para accedermos ó léxico en uso, con independencia da súa dicionarización.

Concluimos reflexionando sobre os límites dun dicionario histórico dende a perspectiva do léxico neolóxico: nun dicionario histórico e máis concretamente no dicionario histórico galego, débense incluír todos os neoloxismos que van xurdindo nos diferentes períodos da lingua? A resposta para nós, polo menos para o galego, coas eivas que aínda manifesta, non admite vacilación: non. Os neoloxismos teñen que ser recompilados e estudados en dicionarios específicos, e no dicionario histórico deberanse

incorporar de xeito selectivo, mais non tanto coma nos procesos de dicionarización actuais²⁹. É indiscutible que, para a mellor comprensión da conformación e evolución do léxico, non nos podemos limitar en exclusiva ás voces sancionadas pola súa inclusión nos dicionarios de lingua xeral.

Empregando a clasificación de Freixa, coidamos que os neoloxismos denominados como ideais, lóxicos, realistas e variables³⁰ si deberían ter o seu espazo á hora de deseñar a evolución histórica dunha lingua. En todo caso, a prioridade é, de cara ó pasado, descubrir como foi o camiño, antes de que se perdan máis teselas del e poida chegar a ser irrecuperable nalgúñas etapas. Coidamos tamén que se deben excluír os ocasionalismos así como a meirande parte dos neoloxismos efémeros³¹, sobre todo os formados a partir de nomes propios (xa que a meirande parte deles non transcenden a época e a personaxe que lle deu nome e non se lexicalizan) e os empréstitos cando só se xustifican en termos de expresividade³². Obviamente, como se resume na nota 26, no proceso de selección sería desexable aplicar os criterios propostos por E. Bernal, J. Freixa e S. Torner (2020).

O estudo dos verbos da letra *B* que, cos materiais consultados, documentamos por primeira vez no s. XX amosou a similitude e especificidades de dúas linguas coma a galega e a italiana. Incidiu no necesario que é contar con recursos lingüísticos textuais e lexicográficos suficientemente potentes pois, dispoñendo deles, poderíase deseñar unha evolución histórica a nivel de lingua xeral que permita visualizar nun contínuum a evolución dos procesos de creación léxica nos distintos períodos. Unha evolución, a do léxico, cunha complementariedade osmótica entre o neolóxico e o histórico, entre o novo e o paso do tempo que pode facer perder, ou non, toda percepción de novidade.

²⁹ J. Freixa, *El proceso neológico*, en E. Bernal, J. Freix, S. Torner (eds.), *La neología del español. Del uso al diccionario*, Madrid, Iberoamericana, 2022, p. 64. A propósito da dicionarización dos neoloxismos cataláns, cfr. tamén J. Freixa et al. (eds.), *Dictionarization of Catalan Neologisms*, New York / Berlin, Peter Lang, 2022.

³⁰ *Ibid.*, pp. 66-70.

³¹ *Ibid.*, pp. 60-61 e pp. 62-64.

³² Algeo xa propuxo 43 categorías non excluíntes entre si de neoloxismos que deixan de ser usados, que poden servir de referencia (J. Algeo, *Desuetude among New English Words*, en «International Journal of Lexicography», 6, (4), 1993, pp. 284-290).

